



Boletín Informativo

Consellería de Educación e
 Ordenación Universitaria

Edif. Admin. San Caetano s/n
 15781
 Santiago de Compostela

Correo: xsoie@edu.xunta.es

CALENDARIO ESCOLAR PARA O CURSO 2007/2008

No [DOG nº 73](#) do luns 16 de abril sae publicada a orde do 9 de abril de 2007 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2007/2008, nos centros docentes sostidos con fondos públicos. A duración do curso académico abrangue-

rá desde o día 1 de setembro ata o 31 de agosto de 2008. Os primeiros días realizaranse as probas correspondentes á convocatoria extraordinaria para os alumnos de educación secundaria obrigatoria e bacharelato.



SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR

No [DOG nº 73](#) do luns 16 de abril sae publicada a orde do 26 de marzo de 2007 pola que se establecen as bases e se convocan axudas para financiar o mantemento dos servizos de comedor escolar xestio-

nados polas asociacións de nais e pais de alumnos/as de centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o período xaneiro-xuño de 2007. O prazo de presentación de

instancias será dun mes contado a partir da publicación desta orde no DOG.

ESTUDOS UNIVERSITARIOS OFICIAIS DE POSGRAO

No [DOG nº 73](#) do luns 16 de abril sae publicada o decreto 66/2007, do 29 de marzo, polo que se establece o procedemento de autorización para a implantación de estudos universita-

rios oficiais de posgrao conducentes ao título de máster ou de doutor.



PROGRAMA DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA PARA ALUMNADO DE 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

No [BOE nº 95](#) sae publicada a orde ECI/1042/2007, do 9 de abril, pola que se amplía ata o trinta de abril o prazo de presentación de solicitudes para participar no programa de inmersión en lingua inglesa. Os gastos derivados da posta en marcha des-

te programa serán financiados na súa totalidade pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e polo Ministerio de Educación e Ciencia. A Galicia correspóndelle 15 grupos de 25 alumnos/as (375 alumnos/as) de 6º de primaria. Cada grupo irá acom-

pañado por un ou dous docentes. As actividades levaranse a cabo entre os meses de outubro e novembro de 2007.

Contido:

Calendario escolar para o curso 2007/2008	1
Servizo de comedor escolar	1
Estudos universitarios oficiais de posgrao	1
Programa de inmersión lingüística para alumnado de 6º de primaria	1
2007 Ano Europeo da Igualdade de Oportunidades para Todos	2
Lendo en Abril 2007	2
Xornadas de altas capacidades e superdotación	2
Ensinanzas especiais e adultos	2
Concurso Nacional de Boas Prácticas en Bibliotecas Escolares 2007	2
V premio "Galicia" TIC de matemáticas	2

2007 ANO EUROPEO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES PARA TODOS

Promovida pola Comisión Europea, esta convocatoria de actividades invita a todos os cidadáns da Unión a participar nun amplo debate co obxectivo de lograr a igualdade de oportunidade para todos. Pártese dun dos

nosos máis prezados recursos, "A diversidade é a nosa forza", así como de que a discriminación ten efectos devastadores ademais de supor un custo económico e social altísimo.

[Máis información](#)



Portal Galego de Contidos Educativos
<http://www.edu.xunta.es/contidos>

Sextos Encontros de Educación Infantil

Plan Valora
<http://www.edu.xunta.es/valora>

PlanValora

Rede de Centros Bilingües
http://www.edu.xunta.es/contidos/rede_linguas

LENDO EN ABRIL 2007

Chega por terceiro ano consecutivo aos centros escolares o boletín *Lendo en abril*, unha ferramenta para a difusión de experiencias que se están a levar a cabo nas bibliotecas escolares

galegas. Atópase no portal educativo, na sección de bibliotecas escolares, e no blog.

[Acceso ao boletín](#)

[Máis información.](#)



XORNADAS DE ALTAS CAPACIDADES E SUPERDOTACIÓN

Os próximos días 27 e 28 de abril terán lugar na Fundación Caixa Galicia da rúa do Vilar en Santiago de Compostela as Xornadas de Altas Capacidades e Superdotación, organizadas

pola Asociación de Altas Capacidades.

<http://www.altascapacidades.org>



ENSINANZAS ESPECIAIS E ADULTOS

Nova páxina web que albergará os contidos das ensinanzas de idiomas, deportivas, artísticas (música, danza, arte dramática, artes plásticas e deseño, conservación e restaura-

cións de bens culturais e as superiores de deseño), as de adultos, e os programas educativos europeos.

<http://www.edu.xunta.es/ea>



CONCURSO NACIONAL DE BOAS PRÁCTICAS EN BIBLIOTECAS ESCOLARES 2007

O Ministerio de Educación publica no BOE do día 14 de abril a convocatoria do Concurso Nacional de Boas Prácticas en Bibliotecas Escolares correspondente ao ano 2007. Anímase ás

bibliotecas escolares galegas "en activo" a presentar as súas memorias. O prazo remata o 31 de maio.

[Acceso](#)



V PREMIO GALICIA TIC DE MATEMÁTICAS

Co obxectivo da promoción da educación matemática convócase o V Premio "Galicia" de Tecnoloxías da Información e Comunicación aplicadas á Educación Matemática en Ensinanza Primaria ou Secundaria.

Dirixido ao profesorado galego, poderán presentarse caderniños de traballo, libros, cdroms, páxinas web, programas de simulación ou auto-aprendizaxe, ou outros formatos en soporte informático. O importe do

premio será de 600€ e o centro educativo recibirá 1000€, contribución da Consellería de Educación, para o premio.

[Máis información](#)